

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 26 DE
OUTUBRO POLA QUE SE ADAPTAN
OS CONVENIOS SUSCRITOS POLA
UVIGO COMO CONSECUENCIA DA
ENTRADA EN VIGOR DA LEI 40/2015**

A Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, no seu artigo 2.j) considera parte esencial da autonomía das Universidades “o establecemento de relacións con outras entidades para a promoción e desenvolvemento dos seus fins institucionais”.

Esta facultade recoñécese no artigo 7 n) dos Estatutos da Universidade de Vigo (DOG do 02.02.10) que habilita a esta para establecer relacións académicas, culturais ou científicas con institucións españolas ou estranxeiras e fomentar os correspondentes intercambios, co obxecto de acadar os fins prioritarios.

O “Regulamento de Cursos de Especialización e Convenios” aprobado na sesión do Claustro de 17/12/1996 e modificado na Xunta de Goberno de 20/7/2000, xunto coa “Normativa reguladora do procedemento para a tramitación de Convenios na Universidade de Vigo” aprobada no Consello de Goberno de 20 de novembro de 2007 veñen regulando esta actividade na nosa universidade. Ambas normativas están pendentes de próxima modificación.

A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, desenvolveu un réxime completo dos convenios, fixando o seu contido mínimo, clases, duración, vixencia e extinción, así como asegurar o seu control polo Consello de Contas de aqueles convenios cuxos compromisos económicos asumidos superen os 600.000 euros.

A mencionada lei 40/2015 entra en vigor o día 2 de outubro de 2016 polo que, co fin de que todos os convenios que subscriba a Universidade de Vigo con outras entidades a partir da mencionada data se adapten á lei, e namentres non se modifique a vixente “Normativa reguladora do procedemento para a tramitación de Convenios na Universidade de Vigo”, dítase a seguinte resolución:

Primeiro. Contido dos convenios

Os convenios deberán conter, ao menos, as seguintes materias:

- a) Partes concertantes, con indicación expresa dos datos identificativos da entidade, así como o nome, a responsabilidade, o cargo e a capacidade suficiente que ostenta o que asina como representante da mesma.
- b) Xustificación da necesidade do convenio, debendo constar o carácter non contractual da actividade en cuestión.
- c) Normativa de aplicación.
- d) Descrición do obxecto do convenio incluíndo os obxectivos e ámbitos materiais do réxime de colaboración, así como as actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade dos resultados obtidos.
- e) Actuacións previstas e compromisos das partes.
- f) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento correspondente de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

- g) No caso de obrigas de contido económico deberá expresarse o concepto orzamentario con cargo ao cal vai financiarse.
- h) Consecuencias aplicables no caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes e, no seu caso, os criterios para determinar a posible indemnización polo incumprimento.
- i) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que podan presentarse respecto dos convenios.
- j) Prazo de vixencia, tendo en conta as seguintes regras:
 - 1º. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos.
 - 2º. En calquera momento antes do remate do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais á súa extinción.
- k) entrada en vigor, forma e prazos de denuncia.
- l) Efectos da extinción do convenio sobre as actividades ou actuacións en curso.
- m) Carácter administrativo e sometemento á xurisdición contencioso-administrativa das posibles cuestións litixiosas xurdidas sobre o seu contido e aplicación.

O convenio irá acompañado dunha memoria xustificativa onde se analice a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto na lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Segundo. Adaptación convenios vixentes

Todos os convenios vixentes con anterioridade ao día dous de outubro de 2016 deberán adaptarse ao previsto nesta normativa no prazo de tres anos a contar partir do día 2 de outubro de 2016.

Todos os convenios vixentes con anterioridade ao día dous de outubro de 2016 que teñan subscrita unha prórroga tácita por tempo indefinido, o prazo de vixencia dos mesmos será como máximo de catro anos a contar a partir do día 2 de outubro de 2016.

Vigo, 26 de setembro de 2016



Salustiano Mato de la Iglesia

Sres/as Vicerreitores/as
Sr. Director de Área de Emprego
Sr. Director da Área de Normalización Lingüística
FUVI
ORI
EIDO